


**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 02.10.2018

Hora: 10:30



A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 2 de outubro de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 33112 (10/POC-005184)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón
Sobre as razóns da demora no traslado ao Comité de Acoso Laboral de toda a información solicitada en relación coa demanda de dous axentes medioambientais adscritos ao distrito forestal XIX de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 335, do 11.07.2018
- 1.2 33258 (10/POC-005197)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non dotar dos medios persoais e orzamentarios necesarios o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e deixar sen cubrir as vacantes de persoal investigador existentes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018
- 1.3 35368 (10/POC-005609)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dalgún estudo en relación co censo actual e distribución da poboación do xabarl en Galicia, as actuacións que vai levar a cabo para frear os danos que ocasiona ás explotacións agrarias e as medidas que vai impulsar para afrontalos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 353, do 06.09.2018

- 1.4 36422 (10/POC-005797)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao financiamento e execución do convenio de colaboración suscrito o 9 de agosto de 2018 entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e Seaga en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas franxas secundarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018
- 1.5 36474 (10/POC-005808)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 4 máis
Sobre a relación dos concellos que se van beneficiar do Plan de infraestruturas rurais 2018-2019, as obras que se pretenden financiar con cargo a ese plan en cada un deles e os criterios para a adxudicación das axudas previstas nel, así como a realización dalgunha convocatoria para ese fin, os requisitos exixidos e o baremo establecido para a súa concesión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

Moisés Blanco Paradelo

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Moises Blanco Paradelo, na data 26/09/2018 13:05:50

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Raúl Fernández Fernández	S
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 33112(10/POC-005184)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre as razóns da demora no traslado ao Comité de Acoso Laboral de toda a información solicitada en relación coa demanda de dous axentes medioambientais adscritos ao distrito forestal XIX de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 335, 11.07.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7.^a** sobre información que se lle nega ao Comité de Acoso Laboral sobre unha demanda de dous Axentes Medio Ambientais do DF XIX.

A Consellería de Facenda e a Dirección Xeral da Función Pública contan dende hai pouco tempo cun Comité de Acoso laboral ligado o Servizo de Prevención de Riscos laborais da Xunta de Galiza para xestionar as demandas que afecten o seu persoal funcionario e laboral.

En Setembro de 2017 tivo entrada nese Comité unha demanda de dous funcionarios da Escala de Axentes Facultativos Medioambientais da Consellería de Medio Rural adscritos o Distrito Forestal XIX de Pontevedra, por situación de acoso laboral do Xefe dese Distrito.

En varias ocasións os dous funcionarios foron chamados para aportar tódalas probas necesarias, estando sempre presente nos interrogatorios unha representante dos sindicatos.

Dende o mes de Febreiro do presente ano 2018 vense solicitando dende ese comité, información sobre o proceso tendo como resposta nese mes que xa estaba resolto pendente de comunicar. O feito é, que estando no mes de Xullo (9 meses dende o inicio) non houbo resolución, circulando o rumor de que “nalgunhas instancias de Función Pública ou de Medio Rural non estaban de acordo coa mesma por afectar negativamente o Xefe de Distrito”.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33112
Data envío: 03/07/2018 19:17:35.774



Por todo o exposto anteriormente, e pola indefensión que sofren as persoas demandantes, dende o grupo Parlamentar de En Marea, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a

Cal é o motivo pola que non se traslada toda a información que ten solicitado o comité si xa está resolto tal e como afirman?

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 03/07/2018 19:15:01

Antón Sánchez García na data 03/07/2018 19:15:09

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 33258(10/POC-005197)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non dotar dos medios persoais e orzamentarios necesarios o Centro de

Investigacións Agrarias de Mabegondo e deixar sen cubrir as vacantes de persoal investigador existentes

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.ª**

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo ten a función de realizar investigacións básicas e aplicadas orientadas nas liñas de investigación preferentes dos programas de recursos e tecnoloxías agroalimentarias.

Realiza tamén a labor de transferencia de coñecementos ao sector agrogandeiro. Desenvolve convenios con empresas ou cooperativas do sector para desenvolver liñas de investigación aplicables ao agro en Galiza.

Realiza na actualidade unha labor fundamental, e é indispensable para o futuro do sector e a súa adaptación ás mudanzas necesarias, en cuestións como a conservación da biodiversidade e a investigación de variedades que poidan ser interesantes para o seu cultivo futuro, métodos de produción máis eficientes no uso da auga, menos dependentes dos insumos, etc.

Tendo esta relevancia obsérvase que a Xunta de Galicia está a debilitar o centro negándolle os recursos necesarios para un óptimos funcionamento.

Nos anos de goberno Feijoo non se repuxeron efectivos de persoal investigador e de campo, o que situou o cadro investigador por debaixo do 50% dos efectivos



Tampouco se efectuaron investimentos en maquinaria, instalacións e equipamentos científicos, o que provocou a obsolescencia dos recursos materiais utilizados na investigación

E reduciuse a dotación de fondos propios para o gasto corrente ata case eliminalos.

O goberno galego non atende as necesidades de persoal do centro tanto de investigadores como de persoal laboral para as labores nas fincas e gandeirias.

Das 22 prazas de investigadores 11 están vacantes, e mesmo o centro carece dun especialista na investigación do millo ante a xubilación do probablemente maior experto do país.

A escaseza de persoal dificulta o traballo e a captación de fondos procedentes de proxectos.

A falla da preparación do relevo dos investigadores, común tamén a outros centros de investigación, é outro dos problemas que teremos no futuro.

Tamén existe carestía orzamentaria para a xestión diaria do CIAM reducíndose ata dificultar enormemente a xestión do centro.

Non entendemos que por unha parte de fale da innovación como piar do futuro, ou da lexislatura do rural cando na realidade a Xunta de Galicia leva anos desmantelando e debilitando a investigación, formación e transferencia de coñecementos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 11:46
Nº Rexistro: 33258
Data envío: 09/07/2018 11:46:26.794



Por qué razón a Xunta de Galicia non dota de medios persoais e orzamentarios suficientes para o bo desenvolvemento das actividades do CIAM, e deixa sen cubrir as vacantes existentes en persoal investigador?

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García
Davide Rodríguez Estévez
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/07/2018 11:43:42

David Rodríguez Estévez na data 09/07/2018 11:43:48

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 35368(10/POC-005609)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dalgún estudo en relación co censo actual e distribución da poboación do xabaril en Galicia, as actuacións que vai levar a cabo para frear os danos que ocasiona ás explotacións agrarias e as medidas que vai impulsar para afrontalos

Publicación da iniciativa, 353, 06.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35368
Data envío: 30/08/2018 11:19:29.537

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A explosión demográfica do porco bravo arredor dos anos 80 coincide coa expansión de praderías, cultivos e a peste do eucalipto. Alimento e acubillo en aumento.

As explotacións agrarias e gandeiras galegas e en xeral todo o campo galego vén sufrindo cada vez máis intensamente danos ocasionados pola fauna salvaxe, cunha incidencia enorme no caso do porco bravo. Os danos que este animal ocasiona nos millos, praderías, patacas..., son considerables.

A sociedade destes tempos pide e esixe cada vez con maior intensidade o respecto pola fauna en xeral e medidas conservacionistas. Harmonizar os intereses aparentemente encontrados dos agricultores e gandeiros e da conservación da fauna semella labor imposible. Non é así.

Mais os danos a cultivos son reais e o abandono da Consellería tamén. Ademais das outras medidas que serán obxecto doutra iniciativa e que deberan dar resultados a longo prazo, o certo é que os agricultores reclaman axudas paliativas dos danos ocasionados ademais das outras que controlen a poboación. Non falamos de lazo e escopeta que demostraron que lonxe de minimizar o problema e controla-la poboación, esta aumenta de xeito alarmante.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35368
Data envío: 30/08/2018 11:19:29.537

Botamos en falta unhas e outras. O motivo desta iniciativa é recupera-las liñas de axudas que reparen os danos que o porco bravo ocasiona nos cultivos e propiedades dos agricultores e máis nas estradas. Neste contexto faise incomprensible que a Xunta de Galiza deixase de pagar axudas polos danos ocasionados por este animal.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1-- Ten previsto o seu Goberno elaborar algún estudo acerca do censo actual e da distribución da poboación do porco bravo en Galiza?

2-- Que actuacións ten previsto impulsar para frear a proliferación de danos do xabaril ás explotacións agrarias en Galiza?

3-- Que medidas ten previsto impulsar coa finalidade de facer fronte ós danos que ocasiona a poboación de porco bravo en Galiza?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:19
Nº Rexistro: 35368

Data envío: 30/08/2018 11:19:29.537

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/08/2018 11:16:07

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2018 11:16:12

Ana Pontón Mondelo na data 30/08/2018 11:16:14

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2018 11:16:15

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2018 11:16:16

Xosé Luis Bará Torres na data 30/08/2018 11:16:18

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 36422(10/POC-005797)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao financiamento e execución do convenio de colaboración suscrito o 9 de agosto de 2018 entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e Seaga en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas franxas secundarias

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2018 16:57
Nº Rexistro: 36422
Data envío: 12/09/2018 16:57:58.480

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

O 9 de agosto pasado foi asinado entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga un Convenio de Colaboración en Materia de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais para o Establecemento dun Sistema Público de Xestión da Biomasa nas Faixas Secundarias.

No mesmo establécense diferentes condicións e defínense medidas e labores que corresponden ós concellos e os termos da colaboración. O que non se reflicta de xeito claro é de onde vai saír a financiación para todo canto se prevé facer nin que medidas legais e mais dotacións orzamentarias extraordinarias se van poñer a disposición dos concellos para que este labor non os colapse.

Outro dos aspectos do citado convenio aborda a necesidade de xestión das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, referíndose sempre ás de competencia municipal.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 12/09/2018 16:57
Nº Rexistro: 36422

Data envío: 12/09/2018 16:57:58.480

-De que partidas concretas teñen pensado saca-lo diñeiro que se prevé investir no presente convenio, neste ano e en anos sucesivos?

-En que prazo, con que data e con que orzamento aborda a Xunta de Galicia a xestión das faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, tal como establece a lexislación?

-Que medidas pensa tomar o goberno da Xunta para reforzar ós concellos nos labores de delimitación das faixas secundarias, identificación de propietarios, envío de comunicacións ós mesmos ?

-Que medidas complementarias ó desastre catastral vai tomar o goberno para facilitar a identificación dos propietarios descoñecidos?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2018 16:57
Nº Rexistro: 36422
Data envío: 12/09/2018 16:57:58.480

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2018 16:53:15

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2018 16:53:20

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2018 16:53:21

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2018 16:53:23

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2018 16:53:24

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2018 16:53:27

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 02.10.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 36474(10/POC-005808)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 4 máis

Sobre a relación dos concellos que se van beneficiar do Plan de infraestruturas rurais 2018-2019, as obras que se pretenden financiar con cargo a ese plan en cada un deles e os criterios para a adxudicación das axudas previstas nel, así como a realización dalgunha convocatoria para ese fin, os requisitos exixidos e o baremo establecido para a súa concesión

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández, Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

No Consello da Xunta de Galicia de 6 de setembro de 2018 acordouse autorizar a sinatura dos convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e 46 concellos galegos para a execución de obras de infraestruturas rurais, por un importe total de 2.237.189,42 € dentro do Plan de infraestruturas rurais (PIR) correspondente ao exercicio 2018.

O dito PIR achegará, segundo manifesta a Consellería de medio rural, preto de dous millóns setecentos mil euros para 65 concellos galegos no bienio 2018-19 co obxecto de acondicionar camiños, instalar canalizacións de abastecemento de auga ou regadío ou reconstruír muros de pedra en vías municipais, entre outras actuacións.

O Consello da Xunta de Galicia establece que a través do PIR neste ano acometerase o acondicionamento de 125 camiños rurais, a instalación de máis de 500 metros de canalizacións de abastecemento de auga ou regadío e o acondicionamento de 3.780 metros cadrados da contorna do recinto feiral gandeiro de Curtis, a construción dunha poza enterrada para regadío e contra incendios en Melón e a reconstrución total ou parcial de máis de 200 metros de muros de pedra en diferentes vías municipais, obras que segundo expresa a propia Xunta de Galicia no seu comunicado aos medios “permiten mellorar as condicións de vida da poboación nos núcleos rurais. Estas actuacións intégranse na estratexia global da Xunta para contribuír á fixación da poboación do rural e facilitar o seu asentamento e dinamización”.

Ante esta situación as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son os 65 concellos que serán beneficiados do Plan de infraestruturas rurais (PIR) 2018-2019?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36474
Data envío: 12/09/2018 18:42:28.199



Grupo Parlamentario

2ª) Cales son as obras que se pretenden financiar con cargo a este plan en cada un dos concellos galegos?

3ª) Cales son os criterios de adxudicación das axudas contempladas no Plan de infraestruturas rurais (PIR) 2018-2019?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Houbo algunha convocatoria pública para adxudicar as axudas contempladas neste Plan?

5ª) En caso afirmativo, cales foron os requisitos así como o baremo a aplicar para a concesión das ditas axudas?

Pazo do Parlamento, 12 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/09/2018 18:33:53

Raúl Fernández Fernández na data 12/09/2018 18:34:01

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/09/2018 18:34:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/09/2018 18:34:16

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 12/09/2018 18:34:27